

# VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

## Xefatura Territorial da Coruña

Rúa Vicente Ferrer, 2  
15008 A Coruña

***Asunto: Alegacións ao ACORDO do 28 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte San Bartolomeu, nos concellos de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda (expediente IN408A 2019/081) e alegacións complementarias ao Acordo da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do proxecto do Parque eólico Meirama, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña), (exp.IN408A 2018/27).***

Don/Doña \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

### **EXPÓN:**

Á vista do ACORDO do 28 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte San Bartolomeu, nos concellos de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda (expediente IN408A 2019/081), por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIONES:**

### **I.- ANTECEDENTES**

1.- Por ACORDO do 15 de xullo de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o **proxecto de interese autonómico do proxecto do Parque Eólico Meirama**, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes (expediente IN408A 2018/27), DOG Núm. 142, de 27 de xullo de 2021.

Solicitante/promotor: Naturgy Renovables, S.L.U. (CIF: B84160423) (antes coa denominación social de Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U.).

Concellos afectados pola poligonal do parque eólico: Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 49,5 MW.

2.- Por ACORDO do 30 de xullo de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o **proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico As Encrobas**, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña) (expediente IN408A 2020/93), DOG Núm. 158, de 18 de agosto de 2021.

Solicitante/promotor: Naturgy Renovables, S.L.U. (CIF: B84160423).

Concellos afectados pola poligonal do parque eólico: Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 20 MW.

3.- Por ACORDO do 27 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o **proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Meirama, denominado para os efectos de tramitación Meirama (76)**, nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña) (expediente IN408A 2020/076), DOG Núm. 212, de 8 de novembro de 2022.

Solicitante/promotora: Green Stone Renewable IV, S.L., CIF: B-56111420.

Concellos afectados: Cerceda e A Laracha (A Coruña).

Potencia máxima do parque: 21 MW.

- Indícase literalmente no proxecto do parque eólico sectorial As Encrobas que:

*Del centro de seccionamiento del parque eólico sale una línea de interconexión enterrada en 30 kV, hasta la subestación del parque eólico Meirama, donde se realiza la conexión con la red.*

*En la subestación del Parque eólico Meirama, se proyecta la ejecución de una nueva posición de transformador 220/30 kV para elevar la energía generada, y conectarse a la red a través de las instalaciones de evacuación de la SET prevista.*

- Indícase literalmente no proxecto do parque eólico sectorial Meirama que:

*La subestación del parque eólico Meirama está muy próxima a la subestación de Red Eléctrica de España, denominada Meirama220kV, donde un gran contingente de instalaciones de generación renovable tiene o tendrá concedido acceso para la evacuación de la energía generada por sus parques eólicos. Por esta razón, diversos promotores han manifestado su interés por compartir esta parte de la instalación y así poder conectar las distintas entradas de sus instalaciones, siendo esta la razón fundamental por la que se realiza esta modificación del proyecto del parque eólico Meirama.*

#### **2.1.8. SUBESTACIÓN**

*Se construirá una subestación en el parque para elevar la tensión de la red de distribución interior del parque (30 kV) al nivel del punto de interconexión previsto (220 kV).*

*La subestación ocupará una superficie de aproximadamente 99x71 m2 en la que se ubicará el parque de intemperie, el edificio de control, los viales y zonas de acceso y estacionamiento, así como espacio libre suficiente para posibilitar la ampliación de la subestación.*

*Adyacente a la SET, y en su misma plataforma, se considera una superficie para futuras ampliaciones de otros promotores que compartan la evacuación. Dicha superficie presenta unas dimensiones de 168 x 99 m2, de las cuales en el presente proyecto se considera el vallado e iluminación perimetral, así como el embarrado común. De esta manera, la superficie final de la SET será 238 x 99 m2.*

- Indícase no proxecto do parque eólico sectorial Meirama (76) que:

*“Co fin de evacuar a enerxía xerada no parque eólico proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) de 30 kV, de 11.957,34 km de lonxitude, con inicio no centro de seccionamento do parque Meirama (76) e fin na subestación Meirama 30/220 kV, con número de expediente IN408A 2018/27, de Naturgy Renovables, S.L.U. (formarán parte do presente proxecto as infraestruturas eléctricas complementarias ao proxecto de Naturgy Renovables, S.L.U.)”.*

Os tres proxectos eólicos foron sometidos a exposición pública de maneira fraccionada. De maneira fraccionada tamén se realizou a avaliación de impacto ambiental. Os tres comparten a mesma subestación eléctrica e as instalacións de conexión e transporte ata a subestación de REE.

4.- Por ANUNCIO do 3 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publícase a **declaración de impacto ambiental favorable do proxecto do parque eólico Meirama**, nos

concellos de Carral, Cerceda e Ordes (A Coruña) (expediente 2019/0130), DOG Núm. 220, de 18 de novembro de 2022.

5.- Por ACORDO do 10 de novembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o **proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Teixos** e as súas infraestruturas de evacuación, no concello de Cerceda, A Coruña (expediente IN408A 2020/155), DOG Núm. 224, de 24 de novembro de 2022.

Solicitante/promotora: Naturgy Renovables, S.L. CIF: B84160423.

Concello afectado: Cerceda (A Coruña).

Potencia máxima do parque: 48 MW.

Indícase neste proxecto do parque eólico Teixos:

*“El Parque Eólico Teixos de 48 MW de potencia nominal, estará integrado por 11 aerogeneradores tripala de 155 m de diámetro y de 4.363 kW de potencia nominal unitaria, correspondiente al modelo Siemens Gamesa SG155, o similar. La altura de buje del aerogenerador TX-10 será de 90 m, mientras que la del resto de aerogeneradores será de 108 metros.*

*De la subestación del parque eólico Teixos, sale una línea de interconexión de 66 kV hasta la subestación colectora del PE Meirama, donde se realiza la conexión a la red.*

*En la subestación colectora del PE Meirama, se realiza la elevación desde 66 kV hasta los 220 kV para su posterior conexión a la Red”.*

6.- Por ACORDO do 28 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o **proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte San Bartolomeu**, nos concellos de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda (expediente IN408A 2019/081), DOG Núm. 4, de 5 de xaneiro de 2023.

Solicitante/promotora: Enel Green Power España, S.L. (CIF: B61234613).

Concellos afectados: Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda (A Coruña).

Potencia para instalar: 46,2 MW.

Indícase na documentación do proxecto:

*“A enerxía eléctrica xerada polo PE Monte San Bartolomeu evacuarase a través dunha liña soterrada de 33 kV que vai desde o CS ata a posición de transformación 33/220 kV localizada na ampliación da subestación colectora Meirama de Naturgy. A lonxitude aproximada da dita liña é de 4.450 m e a cablaxe é de tipo RH5Z1 18/30 kV 3×3×630 mm<sup>2</sup>. A partir da subestación colectora Meirama, a enerxía evacuarase a través da liña que conecta esta coa subestación Meirama 220 kV, de REE e actualmente en servizo, onde verterá a enerxía á rede de transporte.*

*Non forman parte do alcance deste proxecto nin a subestación colectora Meirama (excepto a súa ampliación coa posición de transformación Monte San Bartolomeu 33/220 kV) nin a súa liña de interconexión coa subestación existente Meirama 220 kV de REE, senón que forman parte doutro proxecto independente denominado parque eólico Meirama, con número de expediente IN408A 2018/27, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. e actualmente en tramitación”.*

## **II.- A LOCALIZACIÓN INIDÓNEA DO PROXECTO EÓLICO SAN BARTOLOMEU: ZONIFICACIÓN DE MÁXIMA SENSIBILIDADE AMBIENTAL E NA QUE NON SE RECOMENDA A INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS EÓLICAS**


Consultadas as coordenadas indicadas no ACORDO do 28 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización

administrativa de construcción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte San Bartolomeu, nos concellos de Abegondo, Ordes, Mesía, Carral e Cerceda (expediente IN408A 2019/081), resulta que **as infraestruturas do proxecto eólico coinciden con zonas de Máxima sensibilidade ambiental segundo a Clasificación de sensibilidade ambiental proporcionada pola Zonificación ambiental para enerxías renovables elaborada polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico** (Resolución de 30 de diciembre de 2020, de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, por la que se formula la declaración ambiental estratégica del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030, «BOE» núm. 9, de 11 de enero de 2021).

Según a información proporcionada por esta ferramenta, a maior parte das infraestruturas do proxecto eólico Monte San Bartolomeu ubícanse en áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, pola súa máxima sensibilidade ambiental.


### Clasificación sensibilidade ambiental

- Máxima (no recomendado)
- Muy alta
- Alta
- Moderada
- Baja




### Localización aerogenerador SB-03


Entorna moi humanizada e con moitos núcleos próximos ás infraestruturas eólicas. O impacto paisaxístico sobre as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos é inasumible.



Localización aerogenerador SB-06



Localización aerogenerador SB-07




Localización aerogenerador SB-09

Evaluación ambiental. Indicadores de exclusión da enerxía eólica: presenza de núcleos urbanos moi próximos entre sí. O impacto dos aeroxeradores sobre a saúde das familias e o impacto visual e paisaxístico é inasumible.

**54 Núcleos de poboación á beira das infraestruturas da estación eólica Monte San Bartolomé con 10 aeroxeradores de 200 metros de altura e unha torre meteorolóxica de 115 metros. O impacto visual e paisaxístico é inasumible**


AEROXERADOR	NÚCLEO DE POBOACIÓN	MUNICIPIO	DISTANCIA (m)
SB-01	A Bouciña	Ordes	534,25
SB-02	Ameixeira	Ordes	744,18
SB-03	Faramillans	Ordes	515,06
SB-04	Pereiro	Ordes	563,92
SB-05	Axans	Ordes	516,49
SB-05	Mesón do Vento	Ordes	691,42
SB-06	Seixo	Ordes	605,86
SB-07	Barcula	Ordes	584,75
SB-08	Seixo	Ordes	1.138,08
SB-08	Barcula	Ordes	568,75
SB-09	Seble	Mesía	905,05
SB-10	A Calzada	Mesía	730,79
SB-10	Os Ricos	Mesía	684,91

**III.- A LOCALIZACIÓN INIDÓNEA DO PROXECTO EÓLICO SAN BARTOLOMEU: AFECCIÓN Á RESERVA DA BIOSFERA, A ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES, A MASAS SOTERRADAS DE AUGAS QUE SE SOLAPAN COA REDE NATURA 2000. AFECCIÓN Á NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000.**




Localización aeroxerador SB-01 sobre a Reserva da Biosfera e outros espazos protexidos da Rede Natura 2000. As infraestruturas eólicas afectan de forma severa á necesaria coherencia da Rede Natura 2000.





Localización aerogenerador SB-02 sobre espacios protegidos.




Localización do aerogenerador SB-03 sobre espacios protegidos.


▪ **Afección severa a espacios protegidos:**

PARQUE EÓLICO	DISTANCIA MÍNIMA AO LÍMITE ADMINISTRATIVO MAB MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO	DISTANCIA MÍNIMA AO LÍMITE ADMINISTRATIVO ZEC/ZEPVN ENCORO DE ABEGONDO-CECEBRE	DISTANCIA MÍNIMA AO LÍMITE ADMINISTRATIVO ZEC/ZEPVNRÍO TAMBRE
MONTE SAN BARTOLOMÉ	1 AEROXERADOR DENTRO	8588,30	2041,83
PE ENCOBRAS	1 AEROXERADOR DENTRO	6789,74	10440,24
PE LEGRE	3 AEROXERADORES DENTRO	11501,37	844,81
PE GASALLA	2887,563498	14340,35	536,23
PE MEIRAMA	407,105835	8797,84	7841,14
PE MONTE INXEIRO	4777,811411	14238,49	3393,53
PE SOLPOR	1434,947397	11330,23	1259,95

- 1) Estacións eólicas moi próximas ao ENIL Ribeiras do Mero -Barcés e ao ENIL Río Abelleira.
- 2) Estacións eólicas moi próximas ao ZEC /ZEPVN Encoro de Abegondo – Cecebre
- 3) Estacións eólicas moi próximas ao ZEC/ZEPVN Río Tambre como é o caso do proxecto eólico Legre, o proxecto eólico Gasalla, o proxecto eólico Solpor e o proxecto eólico Encrobas.




Localización do aeroxerador SB-04 sobre espazos protexidos.



Localización do aeroxerador SB-05 sobre espazos protexidos.





Zonas de captación de zonas sensibles. As infraestruturas eólicas localízanse sobre Zonas Protexidas de Augas Potables, sobre Zonas captación de zonas sensibles e sobre masas de auga soterradas que se solapan cos espazos protexidos da Rede Natura 2000, afectando á necesaria coherencia desta.


Cód. Zona de captación de zona sensible ESCM1214

Cód. Zona sensible asociada a zona de captación ESRI1214

Zona de captación de zona sensible Area de captación de la zona Encoro de Cecebre

Tipo de zona UWWCMSA

Tipo de zona especializado A523




Cód. Zona de captación de zona sensible ESCM1219

Cód. Zona sensible asociada a zona de captación ESRI1219

Zona de captación de zona sensible Area de captación de la zona Encoro de Beche

Tipo de zona UWWCMSA




Cód. Zona de captación de zona sensible ESCM1220

Cód. Zona sensible asociada a zona de captación ESRI1220

Zona de captación de zona sensible Area de captación de la zona Encoro de Vilasenín o San Cosmade

Tipo de zona UWWCMSA

Tipo de zona especializado A523



Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-122-017-01-00


Nombre masa de agua Río Govia

Longitud (km) 12,424

Cód. Demarcación Hidrográfica ES014

Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA






Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-122-019-02-01

Nombre masa de agua Río Barces

Longitud (km) 15,831

Cód. Demarcación Hidrográfica ES014

Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA



Cód. Masa de agua ES014MSBT014-007


Nombre masa de agua Tambre

Superficie (km2) 1.586,7601


Cód. Demarcación Hidrográfica ES014

Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA






Cód. Masa de agua ES014MSBT014-010  
 Nombre masa de agua Mero - Mandeo  
 Superficie (km2) 624,7779  
 Cód. Demarcación Hidrográfica ES014  
 Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA




Cód. Masa de agua ES014MSBT014-011  
 Nombre masa de agua Coruna - Betanzos - Ares - Ferrol  
 Superficie (km2) 861,6579  
 Cód. Demarcación Hidrográfica ES014  
 Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA





Cód. Temático	ES014MSBT014-010
Esquema temático	euProtectedAreaCode
Nombre	Mero - Mandeo
Fecha de designación	14/09/2012
Tipo de zona	drinkingWaterProtectionArea
Nombre base legal	Directive 2000/60/EC of the European Parliament
Link base legal	<a href="#">Ver link base legal</a>
Ámbito base legal	european
Superficie (km2)	624,7779



Cód. Temático	ES014MSBT014-007
Esquema temático	euProtectedAreaCode
Nombre	Tambre

Fecha de designación 14/09/2012


Tipo de zona drinkingWaterProtectionArea

Nombre base legal Directive 2000/60/EC of the European Parliament

Link base legal [Ver link base legal](#)

Ámbito base legal european

Superficie (km2) 1.586,7601



Cód. Temático ES014MSBT014-011

Esquema temático euProtectedAreaCode

Nombre Coruna - Betanzos - Ares - Ferrol

Fecha de designación 14/09/2012

Tipo de zona drinkingWaterProtectionArea

Nombre base legal Directive 2000/60/EC of the European Parliament

Link base legal [Ver link base legal](#)

Ámbito base legal european

Superficie (km2) 861,6579

Cód. Temático ES014MSBT014-010

Esquema temático euProtectedAreaCode

Nombre Mero - Mandeo

Fecha de designación 14/09/2012

Tipo de zona drinkingWaterProtectionArea

Nombre base legal Directive 2000/60/EC of the European Parliament

Link base legal [Ver link base legal](#)

Ámbito base legal european

Superficie (km2) 624,7779

Cód. Temático ES014MSPFES-014-MR-122-000-02-00



Esquema temático euProtectedAreaCode

Nombre Encoro De Cecebre

Fecha de designación 14/09/2012


Tipo de zona drinkingWaterProtectionArea

Nombre base legal Directive 2000/60/EC of the European Parliament

Link base legal [Ver link base legal](#)

Ámbito base legal european

Superficie (km2) 3,7548



Nombre del LIC Encoro de Abegondo - Cecebre


Código del LIC ES1110004

Nombre de la ZEPa Encoro de Abegondo - Cecebre


Código de la ZEPa ES1110004

Superficie oficial ZEPa (ha) 0,00


Superficie oficial LIC (ha) 528,56



Nombre del LIC Betanzos - Mandeo  
 Código del LIC ES1110007  
 Nombre de la ZEPA  
 Código de la ZEPA  
 Superficie oficial ZEPA (ha) 0,00  
 Superficie oficial LIC (ha) 1.020,09



Nombre del LIC Río Tambre  
 Código del LIC ES1110016  
 Nombre de la ZEPA  
 Código de la ZEPA  
 Superficie oficial ZEPA (ha) 0,00  
 Superficie oficial LIC (ha) 583,25



Detalle da parcela onde se prevé a localización do Centro de Seccionamento do proxecto eólico San Bartolomeu, na parcela con referencia catastral 15060A511015210000LR, no Monte de Bouzas e preto do nacemento de dous afluentes do Río Cabrón e do Rego de Adrán, que atravesa o humedal da Braña dos Bulleiros.





Detalle do humedal da Braña dos Bulleiros e do Porto Lourenzo




Detalle do Monte de Bouzas, xa afectado por unha liña eléctrica de evacuación





Detalle dunha canteira sen restaurar, da Fonte das Meigas e da Fonte do Espiño, na entorna do Centro de Seccionamento do proxecto eólico.



Detalle da Subestación colectora destinada á evacuación da enerxía do proxecto eólico San Bartolomeu, que consiste na ampliación da subestación colectora de Naturgy en Meirama e prevese o seu emprazamento na parcela con referencia catastral 6904601NH4860S0001FB.

▪ **AFECCIÓN SEVERA AOS RECURSOS HÍDRICOS E Á VEXETACIÓN DE RIBEIRA. QUEBRA DA CONECTIVIDADE ECOLÓXICA**

	<b>ID CURSO</b>	<b>NOME</b>	<b>INSTALACIÓN</b>
1	1003778842	Rego Castrexo	AFECTADO POR GABIA
2	950140071680	Innominado	AFECTADO POR GABIA
3	983610004143	Innominado	AFECTADO POR GABIA
4	10037786298	Innominado	AFECTADO POR GABIA
5	981510000862	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-05 E GABIA
6	950140073888	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-05
7	10037788826	Rego de Adrán	AFECTADO POR GABIA
8	10037788826	Rego de Adrán	AFECTADO POR GABIA
9	10037788826	Rego de Adrán	AFECTADO POR GABIA
10	100377888264	Rego das Rexas	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-08
11	1003778882684	Rego dos Santeiros	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO SB-08
12	100377888	Río Traveso	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-09/SB-10
13	983610007844	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-09/SB-10
14	950140070016	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A

			SB-09/SB-10
15	983610003903	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-09/SB-10
16	950140073428	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-09/SB-10
17	950140073428	Innominado	AFECTADO POR GABIA
18	950140074408	Innominado	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-09/SB-10
19	100377389824	Rego de Conxo	AFECTADO POR VIEIRO DE ACCESO A SB-09/SB-10

1.- As infraestruturas eólicas afectan de forma severa ao val fluvial do Río de Penedas e á súa veiga, nas proximidades dos aeroxeradores SB-01 a SB-04 e torre meteorolóxica.

2.- As infraestruturas eólicas afectan de forma severa ao val fluvial do Rego de Portomanteiga, afluente do Río Cabrón, así como o rego dos Outeiros e ao val fluvial do Río Traveso, nas inmediacións das posicións SB-05 a SB-07 e SET.

3.- As infraestruturas eólicas afectan de forma severa ao val fluvial do Rego dos Santeiros, rego de Adrán e rego dos Outeiros, ambos afluentes do val fluvial do Río Traveso, á beira do aeroxerador SB-09.

4.- As infraestruturas eólicas afectan de forma severa ao val fluvial do Rego de Conxo á beira dos aeroxeradores SB-11 e SB-12.

Afección a masas de auga soterradas:

CÓDIGO M.A.S.B	NOME
ES014MSBT014-007	Tambre
ES014MSBT014-010	Mero-Mandeo

Afección a masas de abastecemento de augas soterradas:

CÓDIGO M.A.S.B	NOME
ES014CACH000001222	RUA
ES014CACH000001221	FARAMILLANS
ES014CACH000000465	A CALZADA

Afección a masas de Captacións de abastecemento de auga:

CÓDIGO	NOME	TIPO	POBOACIÓN AFECTADA	DISTANCIA
ES014CACH000001222	Rúa	soterrada	56	1.392 m do aeroxerador SB-01
ES014CACH000001221	Faramillans	soterrada	50	673 m do aeroxerador SB-03


ES014CACH000000465	A Calzada	soterrada	79	843 m do aeroxerador SB-10
--------------------	-----------	-----------	----	----------------------------

### III.- AUSENCIA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO PROXECTO EÓLICO MONTE SAN BARTOLOMEU E A SÚAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS DE EVACUACIÓN E CONEXIÓN

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Mentras que Galicia ten unha potencia eólica instalada de 3866 MW, outras comunidades como Madrid ten 0 MW, Euskadi, 153 MW e Cataluña 1271 MW.

En canto aos parques eólicos en tramitación, mentras que Galicia ten arestora 300, Madrid non ten ningún, Euskadi ten 12 e Cataluña, 8.



### IV.- CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO EÓLICO MONTE SAN BARTOLOMEU

Resulta acreditado no procedemento a presenza de diversos cauces fluviais e húmidas na área de execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas, que tamén son comúns a outros parque eólicos con implantación prevista no mesmo ámbito xeográfico.

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

*“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en cuenta, en particular:*

- a) o uso presente e aprobado da terra;*
- b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);*
- c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:*
  - i) húmidas, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,*
  - ii) zonas costeiras e medio mariño,*
  - iii) zonas de montaña e de bosque,*
  - iv) reservas naturais e parques,*



v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,

vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,

vii) áreas de gran densidade demográfica,

viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidais afectados.

Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, humidais, fontes e nascencias de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto eólico e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada tanto no EIA como agora na DIA.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.


Existen varios humidais e paraxes higrófilas afectadas pola instalación dos aeroxeradores. Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aeroxeradores aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, Brañas e Lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aeroxeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

## **V.- PRESIÓN EÓLICA EXCESIVA NA MESMA ÁREA XEOGRÁFICA. XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO. IMPACTOS SEVEROS SOBRE O BENESTAR E SAÚDE DAS FALIMIAS A MEDIO E LONGO PRAZO.**

Afección paisaxística e visual severa a espazos protexidos.

<b>ESPACIO PROTEXIDO</b>	<b>NOME</b>	<b>SUPERFICIE VISIBLE EN METROS CADRADOS</b>	<b>AEROXERADORES VISIBLES NA ENTORNA DE 10 QM</b>	<b>ESTACIÓNS EÓLICAS VISIBLES</b>
--------------------------	-------------	--	---	-----------------------------------

ENIL	Ribeiras do Mero-Barcés	591.865	14	Monte San Bartolomé PE Encobras PE Legre PE Gasalla PE Meirama PE Solpor
	Río Abelleira	119.607	59	Monte San Bartolomé PE Encobras PE Legre PE Gasalla PE Meirama PE Monte Inxeiro PE Solpor
MaB	Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	116.102.400	59	Monte San Bartolomé PE Encobras PE Legre PE Gasalla PE Meirama PE Monte Inxeiro PE Solpor
ZEC/ZEPVN	Encoro de Abegondo-Cecebre	91.004	14	visible PE Encobras y Meirama
	Río Tambre	1.329.245	52	Monte San Bartolomé PE Encobras PE Legre PE Gasalla PE Meirama PE Monte Inxeiro PE Solpor



- Aerogeneradores PE Teibros
- Aerogeneradores PE en explotación
- Aerogeneradores PE en tramitación
- Zona de estudio

	<b>PARQUE EÓLICO EXISTENTE NA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO EÓLICO MONTE SAN BARTOLOMEU</b>	<b>N.º AEROXERADORES</b>
1.	AS ENCROBAS (PE EN TRAMITACIÓN)	4
2.	BUSTELO (PE EN TRAMITACIÓN)	11
3.	CAMPELO (PE EN TRAMITACIÓN)	8
4.	CARBOEIRO (PE EN TRAMITACIÓN)	8
5.	CASTELO (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	25
6.	GASALLA (PE EN TRAMITACIÓN)	5
7.	MEIRAMA (PE EN TRAMITACIÓN)	13
8.	MONTE INXEIRO (PE EN TRAMITACIÓN)	11
9.	MONTE NEME (PE EN TRAMITACIÓN)	3
10.	MONTE TOURAL I (PE EN TRAMITACIÓN)	4
11.	MONTEAGUDO (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	7
12.	O PICOTO (PE EN TRAMITACIÓN)	1
13.	PEDRARRUBIA (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	13
14.	PENA GALLUDA (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	1
15.	PES ARTEIXO (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	1
16.	PES CERCEDA (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	2
17.	PES INDITEX (PE EN EXPLOTACIÓN OU AUTORIZADO)	1
18.	LEGRE	7
19.	MEIRAMA (76)	6
20.	SOLPOR	7
21.	MONTE SAN BARTOLOMEU	10
	<b>TOTAL</b>	<b>158 AEROXERADORES</b>

### Liñas eléctricas

Parte da liña de alta tensión 220 kV “Mesón-Vimianzo” intersecta a infraestrutura de evacuación e os viais de acceso aos aerogeradores SB-05- SB-06-SB-07 en varios puntos situados na parroquia de Ardemil (Ordes). Doutra banda,

parte da liña de alta tensión obxecto do proxecto “LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV”, propiedade de Greenalia Wind Power Gato S.L., interseca co vial de acceso ao aeroxerador SB-08 na parroquia de Beira (Santa Mariña). Así mesmo, localízanse diversas liñas eléctricas con diferentes orientacións as cales atravesan en varios puntos os viais de acceso aos aeroxeradores e a gabia de evacuación eléctrica.

Existen miradoiros moi afectados polos proxectos eólicos da área de afección da estación do Monte San Bartolomeu:

- 1.- Miradoiro de Meirama
- 2.- Miradoiro dos Montes de San Nicolau
- 3.- Miradoiro do Monte Medela
- 4.- Miradoiro de Santa Locaia
- 5.- Miradoiro de Santa Marta
- 6.- Miradorio do Monte Barbeito
- 7.- Miradoiro do Monte Xalo
- 8.- Miradoiro do Monte Subico
- 9.- Miradoiro Pedra Mazafacha
- 10.- Via Verde Compostela-Tambre-Lengüelle
- 11.- Camiño de Santiago
- 12.- Ruta Costa da Égoa
- 13.- Miradoiro de Cordeda
- 14.- Miradoiro da Espenuca

Cómpre ter en conta que dentro da área de afección do proxecto ubícase na Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Hai que engadir que o proxecto eólico Meirama, en tramitación está a 416 metros da Reserva da Biosfera; o proxecto eólico Monte Inxeiro e o PES Cerceda, xa instalado, tamén están próximos a este espazo.

O proxecto non avalía os impactos sinérxicos, aditivos e/ou acumulados sobre a avifauna, sobre os hábitats, sobre os recursos hídricos...etc. É un estudo moi deficiente.

Cómpre ter en conta que o proxecto Meirama, co que garda conexión, xa que comparte a subestación Meirama, prevé para este parque 10 aeroxeradores e a apertura duns 5.056 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións e o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 6.568 m de pistas e camiños existentes. En canto ás gabias, escavaranse 15.764 m para o cableado de media tensión e de comunicación. A afección ao chan como recurso non renovable finito e a afección aos hábitats non é cuestión baladí. E isto non se avaliou con respecto a este proxecto de maneira sinérxica, aditiva e acumulada.

Ao igual que o proxecto eólico Meirama, da mesma promotora e co que comparte subestación, a nivel hidrolóxico, localízanse no mesmo ámbito pertencente á Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación nos que se sitúa a dita infraestrutura son o 06 “Río Tambre e Ría de Muros e Noia” e 11 “Río Mero, Arteixo e Ría da Coruña”. Próximos ás actuacións discorren as seguintes canles codificadas por Augas de Galicia: río Barcés, río Lengüelle e os seus afluentes. O encoro máis próximo é o encoro de Vilasenín ou San Cosmade, situado a uns 450 metros ao sur das actuacións, polo que tamén deberan avaliarse os impactos sinérxicos.

A perda de conectividade ecolóxica acentúase se incrementamos os impactos producidos polo proxecto eólico Meirama. Cómpre ter en conta que este proxecto tamén afecta de forma severa a hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritarios cos seguintes códigos: Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*) (3110), queirogais secos europeos (4030), queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (4020\*), queirogais oromediterráneos endémicos con toxos (4090), prados pobres de sega de



baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officianalis*), (6510), bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno – Padion, *Alnion incanae*, *Salicion albae*) (91E0\*), carballeiras galaico – portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (9230).

De feito o proxecto eólico Monte San Bartolomeu afecta de forma severa aos hábitats 91E0\* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno- Padion, *Alnion incanae*, *Salicion albae*), 4020\* Breixeiros húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, aos hábitats 4030 (breixeiros secos europeos) e 4090 (breixeiros mediterráneos endémicos con aliaga).

En canto á avifauna, o proxecto eólico Monte San Bartolomeu afecta de forma severa a especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) coas categorías de vulnerable (o invertebrado *Geomalacus maculosus*; o peixe *Gasterosteus gmnurus*; os anfibios: *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea* e *Rana iberica*; as aves: *Circus pygargus* e *Scolopax rusticola*; e os morcegos: *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*) ou en perigo de extinción (as aves: *Milvus milvus*, *Vanellus vanellus*, *Gallinago gallinago* e *Numenius arquata*).

**Non se xustifica a necesidade de instalar infraestruturas eólicas nunha área xeográfica tan sensible e con especies en perigo de extinción. O proxecto prevé 18.410 metros de vieiros de acceso á estación eólica. O proxecto prevé 24.762,1 metros de vieiros interiores e 22.929,94 metros de gabias de cableado. O impacto sobre os chans (recurso finito e non renovable) é moi severo.**

